

Resolución do 28 de maio de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2010-2011 nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Con data do 11 de marzo de 2010 publicouse a Orde do 5 de marzo de 2010 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2010-2011.

Estudadas pola comisión de baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas pola/o xefa/e territorial, procédese á publicación da relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas páxinas web (<http://benestar.xunta.es>) e (<http://www.escolasinfantis.net>), e nos propios centros.

As/os solicitantes admitidas/os disporán do prazo establecido, de conformidade coa orde, para matricularse, presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/o nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (<http://benestar.xunta.es>) e (<http://www.escolasinfantis.net>).

De non formalizar a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considerarase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes, que comezará a contar o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 28 de maio de 2010.

Luis Alberto Álvarez Freijido
Xefe territorial da Coruña

Resolución do 28 de maio de 2010, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2010-2011 nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Con data do 11 de marzo de 2010 publicouse a Orde do 5 de marzo de 2010 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en escolas

infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2010-2011.

Estudadas pola comisión de baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas pola/o xefa/e territorial, procédese á publicación da relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar nos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nas páxinas web (<http://benestar.xunta.es>) e (<http://www.escolasinfantis.net>), e nos propios centros.

As/os solicitantes admitidas/os disporán do prazo establecido, de conformidade coa orde, para matricularse, presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/o nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (<http://benestar.xunta.es>) e (<http://www.escolasinfantis.net>).

De non formalizar a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considerarase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes, que comezará a contar o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 28 de maio de 2010.

Antonio Dacal López
Xefe territorial de Lugo

Resolución do 28 de maio de 2010, do Departamento Territorial Ourense, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2010-2011 nas escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Con data do 11 de marzo de 2010 publicouse a Orde do 5 de marzo de 2010 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas en escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2010-2011.

Estudadas pola Comisión de Baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas pola/o xefa/e territorial, procédese á publicación da relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en casa caso.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar nos departamentos territoriais da Consellería